


X Premio de Poesía

O IES Ordes, en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galegas, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e a Biblioteca do centro, comprácese en convocar esta décima edición do Premio de Poesía, en lembranza da profesora Carme Villaverde Raña.

BASES:

- 1- Poderán participar alumnos e alumnas de ESO, Bacharelato, ESA e Ciclos Formativos que cursen estudos en Galicia e non teñan cumpridos 20 anos a 31 de decembro de 2022.
- 2- Presentaranse tres composicións, con liberdade de metro e rima. Deberán ser orixinais, inéditas e escritas en lingua galega.
- 3- Remitiranse cinco exemplares en papel en formato DIN A-4. Só se fará constar o título da obra e un pseudónimo. En sobre a parte, pechado e co título da obra e o pseudónimo no exterior, incluíranse os datos persoais do autor: nome e apelidos, enderezo, teléfono de contacto, idade, curso e centro onde estuda.
- 4- As obras deberán ser enviadas ao "IX Premio de poesía Carme Villaverde" IES Ordes, Rúa Nicolás del Río, s/n 15680 Ordes, A Coruña
- 5- Concederase un único premio de 400 euros. Se o xurado o considera oportuno, pola baixa calidade das obras presentadas, o premio poderá ser declarado deserto. A decisión do xurado é inapelable.
- 6- O xurado estará formado por profesorado de lingua e literatura.
- 7- O prazo de presentación remata o 6 de maio de 2022 ás 14:00 horas.
- 8- O veredicto do xurado darase a coñecer o día 18 de maio de 2022 ás 12:00 horas. Comunicaráselle persoalmente ao premiado.
- 9- A obra gañadora será publicada na revista do centro.



Deseño orixinal de Sofía Rodríguez Duarte